CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA, E XUVENTUDE E A DEPUTACIÓN DE OURENSE PARA A INTEGRACIÓN E DIFUSIÓN NO REPOSITORIO DE GALICIANA-BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA DOS RECURSOS DIXITAIS PROCEDENTES DO ESCANEO E TRATAMENTO BIBLIOGRÁFICO DO *BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE OURENSE*.

En Santiago de Compostela, (----)

REÚNENSE

Dunha parte, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en adiante, a Consellería) e no seu nome e representación, D. José López Campos, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, para o que foi nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia; así como o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra, a Deputación de Ourense e no seu nome e representación, D. Luís Menor Pérez en virtude do seu cargo de Presidente da citada corporación, segundo o disposto no artigo 34.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 29 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

As dúas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica para obrigarse nos termos do presente CONVENIO de colaboración e

EXPOÑEN

1. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en diante Consellería) é o órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponde velar pola difusión e preservación das obras que constitúen o patrimonio bibliográfico de Galicia, prestar servizos de apoio, promoción e coordinación das tarefas de control bibliográfico, restauración e dixitalización, así como a de constituír e manter unha biblioteca virtual que asegure a presenza da produción bibliográfica galega, e da relacionada co ámbito lingüístico e temático galego, na Internet.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GX0Tr5HWWne1 https://sede.xunta.gal/cve

2. Que a Consellería, a través da Dirección Xeral de Cultura, é a responsable de manter e actualizar Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia (en diante Galiciana-BDG), o repositorio do Patrimonio Bibliográfico Dixital Galego. Ademais é responsable de fomentar relacións de colaboración con outros centros ou organismos tanto públicos como privados que poidan contribuír a incrementar a colección de Galiciana-BDG.

3. Que o *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* (en diante *BOP de Ourense*) é o xornal oficial no que se publican as disposicións de carácter xeral e as ordenanzas, así coma os actos, edictos, acordos, notificacións, anuncios e demais resolucións das Administracións Públicas e da Administración de Xustiza do ámbito territorial provincial, así como doutras administracións, cando así está previsto en disposición legal ou regulamentaria. Asemade, tamén poden publicarse os anuncios de particulares que teñen que ser inseridos de acordo coa lexislación vixente ou para a información xeral. En definitiva, o *BOP de Ourense* é o instrumento de información pública que utilizan o conxunto das administracións para dar a coñecer a súa xestión, facela máis transparente e permitir a participación dos cidadáns.

   Dende un punto de vista histórico, o *BOP de Ourense* supón un reflexo dos cambios económicos, políticos e sociais da provincia de Ourense ao longo de todo o período contemporáneo, converténdose en fonte de información de primeira orde para a investigación da provincia en calquera eido do coñecemento.

4. Que a Deputación de Ourense, con sede na rúa Progreso, 30 da cidade de Ourense, é a persoa xurídica titular dos dereitos de propiedade intelectual tanto da edición en papel como da edición electrónica do *BOP de Ourense*. O primeiro boletín en formato papel saíu á rúa o 3 de xuño de 1834 e desde o 7 de abril de 2009 publícase en formato electrónico. En ambos formatos correspóndelle o dereito exclusivo á explotación da obra, sen máis limitacións que as establecidas no *Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia, modificado pola Lei 21/2014, de 4 de novembro e pola Lei 2/2019, do 1 de marzo, para a incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 2014/26/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 e a Directiva (UE) 2017/1564 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de setembro de 2017*.

5. Que o *BOP de Ourense* é unha publicación de referencia non só para a provincia de Ourense, senón tamén para toda a Comunidade Autónoma xa que é unha das publicacións chave para a historia administrativa de Galicia. Por isto, a

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GX0Tr5HWWne1 https://sede.xunta.gal/cve

Consellería considera que sería de interese, non só para investigadores, senón tamén para a cidadanía en xeral, que o *BOP de Ourense* sexa obxecto de procesos de dixitalización sistemática, fomentando así o seu acceso dixital, respondendo a alta demanda por parte dos usuarios das bibliotecas deste tipo de documentos e garantindo a súa preservación a través das novas tecnoloxías.

6. Que Galiciana-BDG ten como un dos seus principais obxectivos a conservación e difusión do patrimonio hemerográfico galego. As publicacións oficiais son unha fonte primordial de información para estudos e investigacións vencellados con diferentes ámbitos da historia de Galicia. O proceso de dixitalización sobre a colección do *BOP de Ourense* melloraría os servizos para os usuarios en xeral, proporcionando un acceso de maior calidade aos recursos da Consellería en relación ca educación e a formación continua.

7. Que a preservación do contido da prensa histórica galega é unha prioridade para a Consellería pola inestabilidade do papel no que habitualmente se imprimía. Reducir a manipulación e o uso de materiais orixinais fráxiles ou utilizados intensivamente e crear unha "copia de seguridade" para o material deteriorado como o da prensa histórica é unha das prioridades de todo proxecto de dixitalización. Esta é outra das razóns pola que se xustifica levar adinte os traballos de transformar a dixital os exemplares en papel do *BOP de Ourense*.

8. Que un dos obxectivos de Galiciana-BDG é tratar de dar acceso dixitalmente ás cabeceiras da prensa histórica galega, para tratar de ofrecer aos usuarios a información máis completa posible e facilitarlles un punto único de acceso.

9. Que incrementar a colección de Galiciana-BDG cos números dixitalizados do *BOP de Ourense*, permitiría que estes tivesen unha difusión máis ampla grazas a participación de Galiciana- BDG nos proxectos de Hispana e Europeana. Ademais, quedaría toda a colección do *BOP de Ourense* accesible en formato electrónico, xa que a partir do 7 de abril de 2009 ata o día de hoxe, a propia Deputación de Ourense ofrece a versión electrónica desta publicación a través da súa páxina web.

Polo anteriormente exposto, ambas as dúas entidades acordan asinar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e actuacións

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GX0Tr5HWWne1 https://sede.xunta.gal/cve

O presente convenio ten por obxecto regular a incorporación a Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia de recursos dixitais accesibles procedentes da dixitalización sistemática e da asignación de metadatos da publicación *Boletín Oficial da Provincia de Ourense*.

A finalidade desta actuación é mellorar o acceso aos contidos da devandita publicación e garantir a súa preservación a longo prazo.

A través do repositorio Galiciana-BDG difundirase os números cuxos orixinais se custodian na Deputación de Ourense. Os obxecto dixitais resultado do proceso de dixitalización sistemática deses números serán achegados por esta institución para a súa incorporación á Galiciana-BDG.

O rango cronolóxico dos números obxecto de incorporación a Galiciana-BDG con fins de difusión comprenderá desde o 03/06/1834 ata o 31/12/1999. Os exemplares publicados desde o 01/01/2000 ata o 07/07/2009, data na que se publica de xeito electrónico, serán obxecto de difusión e consulta exclusivamente a través da páxina web institucional da Deputación de Ourense.

A preservación dos obxectos dixitais obxecto deste convenio serán incorporados ao repositorio da Memoria Dixital de Galicia xestionado por AMTEGA, Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, en colaboración coa Dirección Xeral de Cultura.

O rango cronolóxico dos números do *BOP de Ourense* que se incorporarán ao repositorio da Memoria Dixital de Galicia para a súa preservación abarcarán desde o 03/06/1834 ata o 31/12/2020.

Nas tarefas de difusión e de preservación obxecto deste convenio non se incluirán os números do *BOP de Ourense* dos anos 1872 a 1876, 1883 e 1935, ao non dispoñerse de exemplares físicos correspondentes aos devanditos períodos.

Os obxectos dixitais dos números do *BOP de Ourense* proporcionados pola Deputación de Ourense permanecerán accesibles en Galiciana-BDG e preservados no repositorio da Memoria Dixital de Galicia durante o tempo que ambas plataformas sigan activas e proporcionando os servizos para as que foron postas en marcha.

Segunda. Xustificación da non concorrencia competitiva

Non resulta posible promover a concorrencia pública para a realización destas actividades, dada a súa especificidade e o carácter exclusivo das mesmas, baseadas en criterios obxectivos e no seu interese social. Iso débese a que a Deputación de Ourense é a única titular dos dereitos de difusión dos números do *BOP de Ourense* que

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GX0Tr5HWWne1 https://sede.xunta.gal/cve

se incorporarán a Galiciana-BDG, así como a propietaria dos obxectos dixitais e dos metadatos asociados necesarios para a súa importación ao repositorio.

Terceira. Actuacións da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

A Consellería, a través da Biblioteca de Galicia, compromételse a:

1. Facilitar o acceso público, a través de Galiciana-BDG, aos novos recursos dixitais accesibles que a Deputación de Ourense poña á disposición da cidadanía unha vez finalizado o proxecto de dixitalización sistemática dos números do *BOP de Ourense* publicados entre 1834 e 1999.

2. Custodiar, a través da Biblioteca de Galicia, o disco ou discos duros que remita a Deputación de Ourense cos obxectos dixitais xerados no proxecto de dixitalización ao que se refire o punto anterior. A Biblioteca de Galicia garantirá a correcta conservación dos discos ata que remate, tanto o proceso de importación para a súa difusión a través de Galiciana-BDG, como o de preservación no repositorio da Memoria Dixital de Galicia. Unha vez rematados ambos procesos, a Biblioteca de Galicia enviará de volta os discos duros á Biblioteca da Deputación de Ourense.

3. Dar publicidade da declaración de dereitos de todos os obxectos dixitais derivados dos números do *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* en base ao conxunto estandarizado de declaracións de dereitos que poden ser utilizadas para comunicar ao público o estado de dereito de autor e de reutilización de obxectos dixitais apoiado por Europeana, consultables en https://rightsstatements.org/es/

4. Cando o obxecto dixital proceda dun orixinal custodiado pola Deputación de Ourense, a Consellería proporcionará esa información de exemplar en Galiciana-BDG segundo os criterios que estableza a Deputación, sempre que estes sexan compatibles co sistema de xestión bibliotecaria que sostén á biblioteca dixital de Galicia.

5. Realizar a preservación dixital de todos os obxectos dixitais procedentes de orixinais de números publicados do *BOP de Ourense* a través do repositorio de preservación da Memoria Dixital de Galicia que xestiona a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

6. Dirixir á Deputación de Ourense calquera solicitude de imaxes máster procedentes dos números dixitalizados do *BOP de Ourense*, xa sexa con fins comerciais ou non comercias, das que teña coñecemento a Biblioteca de Galicia. Desde a Consellería informaráselle a calquera interesado en

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GX0Tr5HWWne1 https://sede.xunta.gal/cve

empregar imaxes de maior calidade cas que se poderán descargar libremente en Galiciana-BDG, de que o titular dos dereitos de explotación e difusión desas imaxes é a Deputación de Ourense.

7. Facilitar á Deputación de Ourense, cando esta o solicite, información do número de visitas que reciben as páxinas dixitalizadas do *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* dentro das posibilidades que ofrecen as ferramentas tecnolóxicas que se empregan para obter este tipo de datos.

Terceira. Actuacións da Deputación de Ourense

A Deputación de Ourense comprométese a:

1. Como titular do dereito exclusivo á explotación e difusión dos números do *BOP de Ourense* desde o seu primeiro número, permitirá á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude exercer os dereitos de reprodución e comunicación pública a través de Galiciana-BDG dos números obxecto dun proceso de dixitalización sistemática realizado sobre os orixinais en papel publicados desde o 03/06/1834 ata o 31/12/1999, coa excepción dos anos 1872 a 1876, 1883 e 1935, xa que non son obxecto deste convenio ao non dispoñerse de exemplares físicos correspondentes aos devanditos períodos.

2. Facilitar, a través dun/s disco/s duro/s, o resultado do proxecto que implique a dixitalización, asignación dos metadatos e xeración dos formatos de imaxe para a preservación de todos os números da súa colección en papel que estean comprendidos nos seguintes rangos cronolóxicos: 1834-1871; 1877-1882; 1884-1934; 1936-2020.

3. Os traballos de xeración dos novos recursos dixitais aos que se refire o punto anterior estarán realizados conforme a normativa técnica e demais recomendacións de organismos internacionais que se veñen aplicando en Galiciana-BDG. En concreto, axustaranse aos criterios técnicos e aos parámetros de calidade da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude que se especifican no documento *Requirimentos técnicos para proxectos de dixitalización de fondos bibliográficos en institucións da memoria de Galicia*. (https://amtega.xunta.gal/sites/default/files/pdf_documentos/gal_bib_dixitalizacion_req_tecnicos.pdf)

4. Seguindo o establecido nos *Requirimentos técnicos para proxectos de dixitalización de fondos bibliográficos en institucións da memoria de Galicia*, os recursos dixitais que produza a Deputación de Ourense sobre números do *BOP de Ourense* terán que entregarse tanto en formato de preservación como de difusión para os rangos cronolóxicos indicados nos puntos anteriores. Os

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GX0Tr5HWWne1 https://sede.xunta.gal/cve

técnicos da Biblioteca de Galicia realizarán as importacións deses novos obxectos dixitais a Galiciana-BDG e coordinaranse coa Oficina da Memoria Dixital de Galicia para que incorporen o formato de preservación ao repositorio destinado a este fin. A Deputación de Ourense será informada puntualmente ao remate destes proceso.

5. O disco ou discos duros que conteñan os recursos dixitais dos números do *BOP de Ourense* sinalados neste convenio que vaian ser obxecto de difusión a través de Galiciana-BDG e os que van a preservarse a través do repositorio da Memoria Dixital de Galicia serán enviados desde a Biblioteca da Deputación de Ourense ata a Biblioteca de Galicia, na que quedarán custodiados ata a súa devolución unha vez rematados os procesos de importación para difusión e preservación.

6. Como titular dos dereitos de explotación e difusión, a Deputación de Ourense poderá realizar, permanentemente e en tódolos países do mundo, os actos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación que estime convenientes dos recursos dixitais procedentes do escáneo e tratamento bibliográfico en calquera das modalidades de explotación existentes e coñecidas ao día da sinatura deste convenio, pero sempre que non entren en contradición coa finalidade de Galiciana-BDG, isto é, dar acceso libre, universal e gratuíto ao patrimonio bibliográfico de todos os galegos.

Cuarta. Financiamento.

Esta actuación non suporá ningún gasto para a Consellería de Cultura, Lingua e Universidades, agás o que e refire ao mantemento e actualización do contido dos repositorios de difusión e de preservación que xestiona, que está previsto dentro do funcionamento ordinario do Servizo da Biblioteca de Galicia, que é o seu responsable.

Quinta. Propiedade intelectual e dereitos de autor.

En todas as tarefas vinculadas a este convenio respectarase o disposto *no Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia, modificado pola Lei 21/2014, de 4 de novembro e pola Lei 2/2019, do 1 de marzo, para a incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 2014/26/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 e a Directiva (UE) 2017/1564 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de setembro de 2017*, e a *Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil* (BOE núm. 268, do 5 de novembro de 2014), así como o establecido na *Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro,*

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GX0Tr5HWWne1 https://sede.xunta.gal/cve

de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE núm. 294, de 6 de decembro de 2018).

A Deputación de Ourense é a persoa xurídica titular dos dereitos de propiedade intelectual do *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* desde a saída do seu primeiro número o 3 de xuño de 1834 e como tal correspóndelle o dereito exclusivo á explotación e difusión dos números publicados. Polo tanto, asume a responsabilidade fronte a terceiros por reclamacións de calquera índole dimanantes da posta a disposición dos usuarios, a través de Galiciana-BDG, dos recursos dixitais xerados como consecuencia deste convenio procedentes dos titulares de dereitos de propiedade industrial e intelectual sobre os mesmos.

Se fose necesario, a Deputación estará obrigada, antes da realización dos traballos para obter os recursos dixitais accesibles, a obter as licenzas e autorizacións precisas que lle lexitimen para a execución dos mesmos.

En caso de accións dirixidas contra a Consellería por terceiros titulares de dereitos sobre os recursos dixitais accesibles obtidos da dixitalización desa cabeceira de prensa, a Deputación responderá ante a Consellería do resultado das devanditas accións, estando obrigada, ademais, a prestarlle a súa plena axuda no exercicio das accións que competan á Consellería.

De xeito particular as partes asinantes comprométense a asumir as súas respectivas responsabilidades vencelladas coa consideración dos xornais como obras colectivas en base ao establecido no artigo 8 do Real Decreto Lexislativo 1/1996.

Sexta. Difusión da colaboración das partes.

Nas actuacións informativas, divulgativas e publicacións que se realicen relacionadas coas actividades obxecto deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e usarase, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de imaxe corporativa. Sexa cal sexa o medio de difusión, cada unha das partes comprometese a facer mención da outra parte e da existencia deste convenio.

Sétima. Vixencia do convenio.

O período de vixencia deste convenio empezará a contar dende a súa sinatura e estenderase por un período máximo dun (1) ano. Antes do remate deste prazo as dúas partes asinantes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata dous (2) anos adicionais, agás que unha das partes decida a súa resolución comunicándoo á outra parte con tres meses de antelación.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GX0Tr5HWWne1 https://sede.xunta.gal/cve

A duración do presente convenio está supeditada a realización do seu obxecto e do cumprimento dos compromisos acordados. A data máxima de execución destes traballos quedará vinculado ao período de vixencia establecido para o presente convenio.

Oitava. Modificación e resolución.

O presente convenio de colaboración poderá ser modificado de mutuo acordo entre as partes, sempre que o oportuno acordo de modificación sexa formalizado e se produza antes da expiración do seu prazo de duración.

Serán causas de resolución deste convenio:

- Mutuo acordo
- Incumprimento das cláusulas do mesmo por algunha das partes.
- A denuncia motivada dunha das partes, que deberá comunicarse por escrito á outra parte, polo menos cun mes de antelación a data prevista de extinción do convenio que figura na Cláusula Oitava.
- Polas demais causas de extinción previstas na lexislación vixente.

Novena. Comisión mixta de seguimento.

Créase unha comisión mixta de seguimento formada pola persoa titular da Dirección Xeral de Cultura, ou persoa en quen delegue e pola persoa titular da Presidencia da Deputación de Ourense, ou persoa en quen delegue.

Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

Décima. Réxime xurídico.

Este convenio ten natureza administrativa e seranlle de aplicación as seguintes normas:

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución Española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- RD 1531/1989, do 15 de decembro, sobre traspaso das funcións, servizos e medios en materia de cultura á Comunidade Autónoma de Galicia.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GX0Tr5HWWne1 https://sede.xunta.gal/cve

- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Artigo 15.2 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81 do 24 de abril de 2024).
- Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (DOG núm. 101 do 27 de maio de 2024).

Décimo primeira. Interpretación e xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

Décimo segunda. Consentimento das partes en materia de protección de datos

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes e o resto de especificacións contidas nel.

Así mesmo, as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

A Deputación de Ourense, acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo terceira. Notificación electrónica.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GX0Tr5HWWne1 https://sede.xunta.gal/cve

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexiados profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, https://notifica.xunta.gal. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta. Transparencia.

No compromiso da transparencia e publicidade de actuación da Xunta de Galicia, e segundo o disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro de 2016), o presente convenio será obxecto da publicidade prevista en dita lei e será tamén obxecto de publicidade a teor do disposto no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regulamento o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto de 2006).

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude	O presidente da Deputación de Ourense
D. José López Campos	D. Luís Menor Pérez

Asinado por: JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Cargo: Conselleiro
Data e hora: 31/07/2026 12:57:39

Asinado por: MENOR PEREZ, LUIS
Cargo: Presidente (Deputación de Ourense)
Data e hora: 30/07/2026 09:20:50

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: GX9Tr5HWWne1 https://sede.xunta.gal/cve